



Concello de Xove

Xestor de Expedientes. Expediente núm.: 634/2024

Procedemento: INFORME PROPOSTA BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA E CONCESIÓN DE PREMIOS DO X CONCURSO DE FOTOGRAFÍA MEDIOAMBIENTAL: «XOVE, A SÚA COSTA E O SEU MAR».

Documento asinado por: A SOCIÓLOGA

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DOS PREMIOS DO X CONCURSO DE FOTOGRAFÍA MEDIOAMBIENTAL

O Concello de Xove, consonte ao previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no que sexa de aplicación, os RD 887/2006, de 21 de xullo e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, e ao obxecto de, mediante a imaxe e a súa reflexión, incentivar a participación cidadá na protección do medio ambiente, establece as normas reguladoras da participación, as axudas económicas e dos premios que se outorgarán aos participantes que interveñan nos citados actos, de acordo coas seguintes

PRIMEIRA.- DEFINICIÓN DO OBXECTO:

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do concurso de fotografía medioambiental organizado polo Concello de Xove.

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS PARTICIPANTES E SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN:

Poderá participar no concurso e ser beneficiario destas axudas calquera persoa.

Toda a documentación será presentada nun sobre pechado consignando no seu exterior X Concurso de fotografía medioambiental “Xove, a súa costa e o seu mar”.

A documentación a presentar será a seguinte:

- Ficha de inscrición e declaración de autoría establecidas ao efecto
- Copia do N.I.F. do concursante
- CD ou pendrive que conteña as imaxes dixitais





Concello de Xove

O sobre deberá presentarse ata o día **6 de setembro de 2024**, e poderase presentar tanto no Rexistro de Entrada de Documentos (Casa do Concello, camiño real, S/N; 27870, Xove), coma mediante envío por correo postal ordinario. Neste último caso, deberase facer constar no sobre pola Oficina de Correos a data de presentación, que será igualmente como máximo, o día 6 de setembro de 2024.

TERCEIRA.- NORMAS DO CONCURSO:

- A temática do concurso será “Xove, a súa costa e o seu mar”.
- As imaxes deberán ser realizadas polos propios participantes. En ningún caso se aceptarán imaxes copiadas ou realizadas por persoas distintas das participantes.
- Cada participante asinará unha Declaración Responsable de ser a/o autor/a da fotografía que presenta. No caso de que o/a participante sexa menor de idade, a Declaración Responsable será asinada polo seu nai/pai ou titor/a legal.
- Poderanse presentar un máximo de 3 fotografías por participante. Deben ser orixinais e tomadas dentro do termo municipal de Xove.
- Deberanse presentar en formato dixital (JPEG) en alta calidade (sen compresión) a unha resolución mínima de 2048 píxeles sen limitación de tamaño en MB.
- Todas as fotografías do concurso poderán ser expostas ou publicadas en internet ou impresas en folletos e publicacións de promoción do Concello de Xove, para súa difusión sen ánimo de lucro. As fotos seguirán sendo propiedade dos autores/as.

CUARTA.- COMPOSICIÓN DO XURADO:

O xurado estará composto como mínimo por dous membros, seleccionados pola organización do concurso.
Actuará como Secretaria do Xurado a Socióloga do Concello, con voz e sen voto.

QUINTA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO:

A contía máxima destinada aos presentes premios é de **450 euros** (partida 334.481 do Estado de Gastos do Municipal).

SEXTA.- PREMIOS:

Haberá unha única categoría, cos seguinte premios:
Primeiro premio: 120 euros





Concello de Xove

Segundo premio: 100 euros

Terceiro premio: 90 euros

Cuarto premio: 75 euros

Quinto premio: 65 euros

A contía dos premios anteriores é líquida. De acordo co disposto no artigo 75.3 do RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, non existe obriga de practicar retención por ningún dos anteriores premios, ao ser importes inferiores a 300,00 euros.

SÉTIMA.- PROCEDIMIENTO DE ENTREGA DE PREMIOS:

Unha vez rematado o concurso, a secretaria do xurado levantará acta na que consten os/as premiados/as por orde decrecente, non podendo recaer máis de un premio na mesma persoa.

Sobre a acta do xurado, emitirase informe-proposta pola Socióloga, que se elevará á Alcaldía-Presidencia, órgano competente para a concesión dos premios.

OITAVA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL:

A presentación da ficha de inscrición supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas.

A concorrencia ao proceso de concurso implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na LOPD. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente á xestión e tramitación do expediente correspondente.

NOVENA.- INFORMACIÓN ÁS/ÓS BENEFICIARIOS/AS DOS PREMIOS:

Con carácter xeral, os premios están incluídos no ámbito de aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo que o Concello de Xove é un órgano obrigado a facilitar información da concesión dos presentes premios á Base de Datos Nacional de Subvencións. Igualmente, con carácter xeral, non obstante o establecido na Base Sexta (non existe obriga de practicar retención por ser inferiores a 300,00 euros), os premios están suxeitos ao IRPF segundo o establecido no artigo 75.2 do RD 439/2007, de 30 de marzo, sendo a Axencia Estatal da Administración Tributaria un dos órganos cesionarios dos datos rexistrados na Base de Datos Nacional de Subvencións en virtude da colaboración coa Administración Tributaria que establece o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.





Concello de Xove

Non obstante, e de acordo co establecido no artigo 4 do RD 130/2019, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, non será obrigado subministrar por parte do Concello información das resolucións de concesión dos premios nin do pago dos mesmos sempre e cando o importe anual outorgado a un mesmo beneficiario/a non supere a contía total de 100,00 euros.

A SOCIÓLOGA DO CONCELLO DE XOVE
Asinado: Lucía Sánchez Meitín

ASINDADO DIXITALMENTE Á MARXE

